



AS PALABRAS MÁIS FERMOSAS

Pensastes algunha vez nas palabras do noso idioma que máis vos gustan? Nesas que vos chegan á alma porque vos transmiten un sentimento fondo, porque vos fan sentir agarimo, xenreira...?

Pois un día decidimos poñernos a pensar na nosa clase sobre estas cousas e o que vos ofrecemos nesta colaboración para o INTRES son precisamente as cinco palabras do idioma galego que cada un dos nós escolleu. As explicacións sobre cal foi a causa de escollermos esas palabras e non outras son pintureiras, como veredes.

Animádevos vós tamén a pensar cales son esas palabras ás que lles tedes máis cariño.



Alumnado do PDC de 4º de ESO

AS PALABRAS FAVORITAS DE SABINO



TRACTOR. O tractor é o meu amigo porque el me saca o traballo do lombo e me axuda a facer os traballos todos da casa e para min iso é ser como un gran amigo.

MOTO. A moto para min é unha gran amiga porque ela cando teño que ir a algún sitio sempre está alí disposta para levarme a onde sexa, e iso si que é ser unha gran amiga.

PORCO. O porco é un gran animal e un gran amigo porque paso todo o ano alimentándoo e estando con el, e tamén porque me dá comida para alimentarme eu.

CABALO. O cabalo é un gran amigo meu porque me gusta moito e tamén porque son os animais máis elegantes, e son uns grandes amigos para min porque ando neles todos os días.

SEGADORA. A segadora é a miña amiga porque me saca moito traballo do lombo. Case todo, como por exemplo segar a herba e as aveas e así eu non as teño que segar como se segaban nos tempos de antes.

AS CINCO PALABRAS MÁIS QUERIDAS POR CRIS



MUÍÑO. Muíño é unha palabra querida porque é un obxecto dos nosos avós e bisavós co que facían o pan. Na miña casa había un co que os meus avós facían o pan e a min gustábame miralos.

HÓRREO. O hórreo é querido porque case en todas as casas de Galicia e outros lugares hai hórreos, que son moi diferentes pero utilízanse para un mesmo fin. Na miña casa hai un hórreo, e cando eramos pequenos xogabamos nel.

CAMIÑO. É unha palabra que gusta a todos porque xa case non hai e levaba aos mellores recunchos dos distintos lugares. Por xunto á miña casa había un camiño que levaba a un río, pero agora arranxárono e xa non se ve o río.

MONTE. É unha palabra moi querida porque simboliza en que lugar hai mais natureza e onde hai mais vida. Onde vivo eu non hai moito monte.

CARBALLO. O carballo é unha árbore bonita e moi vella. Onde vivo eu hai bastantes carballos.



DO NOSO IDIOMA

AS CINCO PALABRAS MÁIS ESTIMADAS POR COTO

TRACTOR. É o meu amigo porque me saca o traballo do lombo.

MOTO. É como se fose a miña amiga porque me leva a todos os sitios.

CABALO. É o meu amigo porque con el paso moito tempo.

CAMIÑO. É como se fose o meu amigo porque sen el sería mais difícil de andar.

CARBALLO. É o meu amigo porque dá sombra para os días de sol.



AS CINCO PALABRAS MÁIS BONITAS DE JsS

MONTE. É un lugar onde paso pouco tempo pero cando vou ensíname cousas importantes.

BICICLETA. A bicicleta para min é unha boa compañeira xa que vou nela a moitos sitios e algunha vez que outra sóbeme a adrenalina.

MOTO. É alguén a que quero xa que me leva de paseo e nunca me canso, e faime pasalo ben.

COCHE. O coche é o meu amigo xa que me leva de paseo e, por suposto, quentiño e sen mollarme.

GARAXE. Para min o garaxe é unha palabra moi querida xa que me garda as cousas que máis quero e os mellores recordos...



AS CINCO PALABRAS MÁIS QUERIDAS POR MÓNICA E SILVIA


GALIZA. Para nós a palabra Galiza é a globalidade dunhas vidas que sobre todo viven da natureza, o campo e o mar, e á parte conta cunha historia e con monumentos exemplares para a vida dos galegos/as.

CRAVO. Ten o significado concreto coa emigración cando os galegos e as galegas marcharon da súa terra para buscar un traballo, e tamén cando os galegos e as galegas abandonaron o lugar no que naceran para ir á guerra. "O cravo de Galiza é a guerra e a emigración"

PAISAXE. A paisaxe é fundamental. O verde no inverno, o castaño no outono e o seco no verán, que fan de Galiza unha terra fermosa; e logo os monumentos históricos que agochan moitas vidas dos nosos antepasados.

AGARIMO. A palabra agarimo é para os galegos/as o poder de estar a carón dos seus familiares, volver á súa casa á terra natal.

MUIÑEIRA. É o baile tradicional de Galiza, querido polos galegos/as; o son da gaita e do bombo e a alegría que rodea a toda Galiza.





AS PALABRAS MÁIS FERMOASAS...

AS CINCO PALABRAS ELIXIDAS POR ALBERTO

GALIZA. Significa a terra na que están arraigados os galeg@s.

PAISAXE. Significa o benestar interior e a paz cun mesmo.

AGARIMO. Significa amor, ser querido.

GAITA. Significa o son dos galeg@s, a representación do pobo galego.

MONTE. Significa a vida en harmonía



AS CINCO PALABRAS MÁIS BONITAS PARA YAGO

CARRETA. A carreta axúdame a levar as cousas dun lado para outro e fai que o meu lombo sufra menos.

CADEIRA. Dáme o descanso que necesito despois de traballar duro.

TELEVISIÓN. O mundo entra na miña casa pola súa ventá.

MOCHILA. Sácame o peso das mans e permíteme facer outras cousas mentres vou para o instituto.

CABALO. Con el divírtome moito tempo. Por iso é o meu amigo.



AS CINCO PALABRAS PREFERIDAS DE VANESA

VENTO. A palabra *vento* para min supón tristeza, añoranza, botar de menos a alguén, e a min ás veces sucédeme isto.

AUGA. *Auga* é a palabra máis importante porque sen ela non poderíamos vivir; é imprescindible.

AMAPOLA. É a flor que máis me gusta. Nela reflíctese a felicidade.

MÚSICA. A música encántame. Gústame toda a música, e sempre me fai recordar momentos que xa vivín e nos que o pasei moi ben.

CATARATA. As cataratas, as fervenzas, transmítenme paz, tranquilidade.

